

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 02/07/2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.1. Solicitude de subvención da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras para a organización da IX Xuntanza de coches clásicos de Moreiras (Exp. 244/2019)**

Dáse conta da instancia presentada por Carlos Pereiras García, en nome e representación da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras, con CIF G32308553, pola que solicita unha axuda económica para sufragar os gastos de organización da IX Xuntanza de coches clásicos de Moreiras, que tivo lugar o día 30/06/2019.

A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista nos artigos 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no interese público que supón a colaboración do Concello cun evento xa consolidado que percorre boa parte do termo municipal e supón a chegada de moitos visitantes ao Concello de Toén.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 19/06/2019, ACORDA:

*PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Moreiras, con CIF G32308553, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, polo interese público e social da actividade subvencionada, polo importe máximo de 200,00 €, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2019. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización da IX Xuntanza de coches clásicos de Moreiras que tivo lugar o día 30/06/2019. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.*

*SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase despois da presentación da conta xustificativa do gasto realizado e da súa aprobación polo órgano municipal competente.*

*TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza*



*reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, o beneficiario deberá presentar nas oficinas municipais nun prazo inferior a tres meses dende a notificación deste acordo a conta xustificativa, que conterá a seguinte documentación:*

- ✓ *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.*
- ✓ *Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ *Declaración xurada acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde en funcións.**

*(Documento asinado electronicamente na marxe)*